



## PREÁMBULO

A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês – Xurés foi aprobada o 26 de maio de 2009 polo Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO, reunido en Jeju (Corea do Sur) e xa forma parte da Rede Mundial de Reservas da Biosfera.

A aprobación desta candidatura de reserva transfronteiriza é o resultado dos traballos de cooperación transfronteiriza para a conservación do patrimonio natural e cultural que se veñen desenvolvendo entre o Instituto da Conservação da Natureza e da Biodiversidade (Parque Nacional da Peneda Gerês e a Xunta de Galicia (Parque natural Baixa Limia – Serra do Xurés) desde a sinatura do Acordo de Cooperación asinado o 31 de xullo de 1997 polo que se creou o parque Transfronteirizo Gerês – Xurés.

Para garantir o funcionamento da reserva transfronteiriza e ante o carácter supranacional dos órganos de xestión da reserva é preciso crear un instrumento regulatorio específico que permita o eficaz funcionamento dos órganos de xestión conforme ao documento aprobado pola UNESCO. Ao abeiro do Acordo que creaba a Comisión de Acompañamento do Parque Transfronteirizo Gerês – Xurés, asinado en outubro de 2007, elaborouse o seguinte regulamento que aproban as partes outorgantes do acordo e que asinan en tres orixinais, en portugués, galego e castelán, e que fan igualmente fe:

Por la Consellería de Medio  
Rural

Polo Instituto da  
Conservação da Natureza e  
da Biodiversidade

Fdo.: Samuel Juarez Casado

Fdo.: Tito Rosa



## **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TRANSFRONTEIRIZA GERÊS- XURÉS**

### **PRIMEIRA (ÓRGANOS)**

Os órganos de dirección da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês- Xurés, en adiante Reserva, son:

1. A Comisión de Dirección Transfronteiriza (en adiante “Comisión”)
2. A Xunta de Cooperación Transfronteiriza
3. O Consello Consultivo de Cooperación

### **SEGUNDA (COMPOSICIÓN)**

1. A Comisión de Dirección Transfronteiriza está constituída por:

- Pola parte portuguesa:
  - Un representante do Instituto de Conservación da Natureza e da Biodiversidade, I.P.
  - Un representante da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte
  - Un representante das autarquías do Parque Nacional da Peneda-Gerês
  - Un representante do MaB portugués
- Por parte española formarán parte da comisión:
  - O Director Xeral de Conservación da Natureza
  - O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
  - Un representante dos concellos da parte galega da reserva

- Tamén se invitará a un representante da Administración Xeral do Estado a integrarse na devandita Comisión.
2. Poderán ser invitados a participar nas reunións da Comisión, pero sen dereito a voto, ata catro membros máis, dous por cada país, en función dos temas a tratar.

### **TERCEIRA (COMPETENCIAS)**

As competencias da Comisión son as seguintes:

- a) Asegurar a coordinación para de todas as partes involucradas na Reserva co fin de garantir a súa protección, boa xestión e control.
- b) Aprobar os plans de acción da Reserva e os seus plans de actividades anuais e plurianuais.
- c) Formular políticas e propoñer as estratexias de conservación do patrimonio natural da Reserva;
- d) Formular as directrices xerais para a administración, control e xestión da Reserva.
- e) Velar porque a xestión da Reserva se efectúe de acordo coa lexislación vixente, co seu planeamento e cos seus obxectivos;
- f) Aprobar as candidaturas a programas rexionais de financiamento de actividades de conservación da biodiversidade e do patrimonio cultural;
- g) Dirixir candidaturas da Reserva a programas internacionais;
- h) Avaliar as accións previstas no Plan Estratégico de Cooperación Transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal en relación coa Reserva;

**CUARTA  
(ÓRGANOS DA COMISIÓN)**

1. Os órganos da Comisión son a Presidencia e a Vicepresidencia
2. A Presidencia e a Vicepresidencia da Comisión serán exercidas, de forma rotatoria, por períodos de dous anos, polo Director Xeral de Conservación da Natureza e polo representante do Instituto para a Conservación da natureza e da Biodiversidade, I.P.
3. Serán asistidos por un Secretario, que será o director de Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés, ou un técnico da Peneda – Gerês. O secretario poderá ser asistido por un funcionario do servizo de orixe.
4. A Secretaría tamén será rotativa, e corresponderalle ao mesmo país que ostente a Presidencia.

**QUINTA  
(FUNCÍONS DA PRESIDENCIA)**

Competen á Presidencia as seguintes funcións:

- a) Dirixir as actividades da Comisión
- b) Representar á Comisión ante calquera instancia e autoridade.
- c) Convocar, preparar e establecer a orde do día das reunións da Comisión, previa consulta vinculante ao Vicepresidente.
- d) Presidir e dirixir as reunións, suspendelas por causa xustificada e autorizar co seu visto e praxe as actas.
- e) Dirixir os traballos de elaboración do Plan de Acción ou calquera outro tipo de documento estratéxico ou de planificación que se acorde.
- f) Propoñer as medidas relativas á organización e funcionamento da Reserva.

**SEXTA**  
**(FUNCIONES DA VICEPRESIDENCIA)**

Correspóndelle á Vicepresidencia a función de substituír á Presidencia en caso de ausencia ou enfermidade, e a de responder á proposta de orde do día que lle presente o presidente nun prazo máximo de sete días naturais. No caso de que non se responda nese prazo entenderase a súa conformidade coa proposta.

**SEPTIMA**  
**(FUNCIONES DOS MEMBROS DA COMISION)**

Correspóndelle aos membros da Comisión:

- a) Recibir a convocatoria e ter ao seu dispor a documentación da reunión;
- b) Participar en tódalas reunións
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular
- d) Formular rogos e preguntas
- e) Os membros da Comisión poderán ser representados por un suplente, designado por eles mesmos, que terá os mesmos dereitos de voz e voto que o titular. Tamén poderán delegar o seu voto noutro dos membros da Comisión.

**OITAVA**  
**(FUNCIONES DA SECRETARIA)**

A Secretaría é o órgano administrativo da Comisión. Ten as seguintes funcións:

- a) Garantir o funcionamento administrativo da Comisión.
- b) Actuar de coordinador entre as distintas seccións da Reserva
- c) Asistir ao Presidente e aos membros da Comisión no exercicio das súas funcións
- d) Convocar, por orde da Presidencia, as sesións ordinarias e extraordinarias da Comisión e comunicar a orde do día das mesmas.

- e) Redactar a acta das reunións celebradas pola Comisión, na que se reflectan tódolos asuntos tratados e as decisións adoptadas, debendo ser ratificada na sesión seguinte e asinada polo Presidente.
- f) Informar á Comisión da execución de actividades e proxectos na Reserva;
- g) Propor á Comisión para o seu coñecemento e aprobación, se procede, os programas de traballo, plans operativos, autorizacións e todos aqueles asuntos que esta deba coñecer;
- h) Custodiar os documentos da Comisión.
- i) Executar actividades de coordinación con outras institucións e entidades que traballen na área;
- j) Desenvolver as actividades que lle sexan encomendadas pola Presidencia.

#### **NOVENA (PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS)**

1. A Comisión reunirase ordinariamente dúas veces por ano.
2. A Comisión poderá reunirse extraordinariamente a petición do Presidente ou de alomenos tres membros desta.

#### **DÉCIMA (CONVOCATORIA)**

1. As reunións serán convocadas polo Presidente da Comisión con dez días naturais de antelación antes de data proposta, por medio de carta, fax ou e-mail.
2. Na convocatoria deberá figurar o lugar da reunión e unha orde do día, con indicación expresa dos puntos a tratar. Canda convocatoria, a documentación debe estar disponible para os membros da Comisión.
3. A reunión considerarase validamente constituída cando estean presentes ou representados, alomenos a metade mais un dos membros da Comisión. En todo caso deben estar presentes, como mínimo, o representante do Instituto de Conservación da

Natureza e da Biodiversidade, I.P. e o Director Xeral de Conservación da Natureza, ou as persoas que os representen.

4. Entenderanse validamente adoptados os acordos que contén co voto favorable por unanimidade dos membros presentes na reunión.
5. Por acordo unánime de todos os seus membros, poderán ser discutidos pola Comisión asuntos non incluídos na orden do día.
6. Asistirá ás reunións, sen dereito a voto, o secretario da Comisión.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA (CREACIÓN DE COMITÉS)**

1. A Comisión pode crear comités destinados a analizar asuntos específicos que poderán efectuar estudos, emitir recomendacións e elaborar pareceres non vinculantes.
2. A creación dos comités cuxo funcionamento implique encargos financeiros será precedida da correspondente autorización das entidades competentes de ámbalas partes, respectando as regras propias de realización de gastos.

#### **DÉCIMO SEGUNDA (A XUNTA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA)**

1. Crease a Xunta de Cooperación Transfronteiriza, como un comité con capacidade para tomar decisións relativas á xestión, sempre dentro das directrices emanadas da Comisión de Dirección, das que deberá informar á Comisión nas reunións ordinarias.
2. A Xunta de Cooperación estará formada polos responsables das partes galega e portuguesa da Reserva da Biosfera.

**DÉCIMO TERCEIRA**  
**(FUNCIONS DA XUNTA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA)**

1. Articular os plans de actividades anuais e plurianuais da Reserva
2. Desenvolver programas conxuntos para os visitantes, incluíndo unha política de publicacións e de dispoñibilidade desas publicacións nos centros de información do Parque Transfronteirizo.
3. Desenvolver candidaturas a programas rexionais de financiamento de actividades de conservación da biodiversidade e do patrimonio cultural.
4. Dirixir unha páxina Web conxunta da Reserva.
5. Desenvolver un programa integrado de monitorización e xestión da biodiversidade da Reserva.
6. Calquera outra misión que lle encomende a Comisión.

**DÉCIMO CUARTA**  
**(O CONSELLO CONSULTIVO DE COOPERACIÓN)**

1. O Consello Consultivo de Cooperación é o órgano máximo de representación, participación e consulta.
2. O Consello Consultivo de Cooperación reúne con carácter ordinario alomenos unha vez ao ano. Con carácter extraordinario poderá reunirse tantas veces o convoque o presidente da Comisión.
3. Serán parte do Consello Consultivo de Cooperación:
  - o Pola parte galega, os membros da Xunta Consultiva do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés.

- Pola parte portuguesa, os membros do Consello Estratéxico do Parque Nacional da Peneda-Gerês.
4. Non obstante, a Comisión poderá, por maioría dos seus membros, modificar esta composición, buscando en todo caso a igualdade no número de representantes entre Galicia e Portugal.
5. O Consello ten, entre outras, a función de canalizar a participación pública cara á Comisión da Reserva. En concreto, ten as competencias específicas:
- a) Pronunciarse sobre os plans de acción da Reserva
  - b) Pronunciarse sobre os informes anuais de actividade da Reserva.
  - c) Aprobá o seu regulamento interno de funcionamento. Corresponde ao Secretario da Comisión convocar as reunións do Consello.

## **DÉCIMO QUINTA (OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN)**

1. Periodicamente realizaranse xornadas divulgativas, de formación e de portas abertas, e outras actividades horizontais co fin de aproximar á poboación en xeral a xestión da reserva, perseguindo a máxima repercusión social destes eventos.
2. A participación pública canalizarase a través da páxina Web da Reserva, que contará cun apartado específico de comunicación e recollerá as suxestións, propostas, queixas ou calquera outra iniciativa. As aportacións serán debidamente atendidas polos comités técnicos citados no anterior apartado, quedarán coñecemento delas á Comisión nas súas reunións ordinarias.